



NORMAS DE INSCRIPCIÓN NAS ACTIVIDADES DEPORTIVO-RECREATIVAS DE VERÁN

ANTES DE CUBRIR O FORMULARIO, LE ATENTAMENTE A SEGUINTE INFORMACIÓN

PRAZAS	60	IDADES	Nados entre 2008 e 2015
HORARIO	De luns a venres de 9:00 a 14:00h		
Quenda 1	6-17 de xullo	Quenda 3	3-14 de agosto
Quenda 2	20-31 de xullo	Quenda 4	17-28 de agosto
PRAZO INSC	Do 26 ao 30 de xuño		
PREZO	10 € por quenda		
O pago da inscrición efectuarase unha vez rematado o prazo de inscrición e confirmada a praza.			

BAREMACIÓN PARA A ADMISIÓN:

1. Empadroados en Coristanco, con necesidade de conciliación (ámbolos dous pais traballan e non teñen posibilidade de deixar ao menor a cargo dun adulto). 10 PUNTOS
2. Empadroados en Coristanco, con necesidade de conciliación (só traballa un dos pais) 5 PUNTOS
3. Empadroados no Concello. 8 PUNTOS
4. Non empadroados no Concello de Coristanco pero que o seu posto de traballo sexa no municipio. 5 PUNTOS
5. Non empadroados en Coristanco con vivenda familiar no Concello ou que realicen estudos nun dos colexios do Concello. 3 PUNTOS
6. Non empadroados no Concello. 2 PUNTOS

No caso de que as inscricións superen o límite de prazas, estas asignaranse atendendo estrictamente á orde de preferencia establecido no punto anterior. Para o caso de que sexa preciso determinar a asignación de prazas nalgún dos grupos de preferencia, realizarase un sorteo para a ocupación das mesmas.

A crise sanitaria provocada polo COVID-19 supón a necesidade de adaptar as actividades, extremando as precaucións e normas hixiénico-sanitarias establecidas polas autoridades competentes, prestando especial atención a:

- Distanciamiento social: manter a distancia de 1,5 m. priorizando actividades que faciliten o distanciamiento e uso das mascararas de protección se non fose posible.
- Desinfección de mans á entrada, tras cambiar de actividades, antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo.
- Redución das ratio monitor-alumno/a.
- Dotar aos espazos onde se desenvolva a actividade das pertinentes medidas hixiénicas (dispensadores de xel, papeleiras de pedal, papel rexeitable...)
- O Concello resérvase o dereito de expulsar da actividade aquelas persoas que non respecten estas normas.

Como inscribirse?

Para formalizar a inscrición nas actividades deberase presentar por sede electrónica (require posuir sinatura dixital) ou presencialmente no Edificio de Servizos Múltiples dende o martes 23 ao luns 29 de xuño:

1. O formulario de inscrición correctamente cuberto e asinado pola nai, pai ou titor legal.
2. Asinar a admisión de risco e exención de responsabilidade en relación co COVID-19.

No caso da presentación presencial e coa finalidade de evitar aglomeracións e esperas será imprescindible achegarse o Edificio de Servizos Múltiples co impreso de inscrición totalmente cuberto e asinado.

O/a solicitante asina, no momento de formalizar a inscrición, unha declaración responsable de que todos os datos achegados son certos. O Concello poderá requerir, se o estima conveniente, que se acrediten os datos coa documentación pertinente.

OBSERVACIÓNS:

- De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018 , de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos declarados pasarán a formar parte dos arquivos da Concellería de Cultura e Deporte e de que o responsable do seu tratamento será o Concello de Coristanco. Os ditos datos serán usados para xestionar as actividades deportivas e culturais organizadas polo concello.
- A persoa inscrita, ou no seu caso o/a titor/a, dá a súa conformidade para uso de fotos co fin de incorporalas ao expediente das escolas culturais e deportivas, e elaboración dunha memoria final ou mesmamente aparecer na páxina web, Facebook, ou carteis anunciadores doutras actividades propias das escolas culturais e deportivas.
- O Concello de Coristanco reservase o dereito de efectuar modificacións de instalación, profesorado e horarios que considere oportunos avisando con antelación suficiente aos usuarios.